

CANTAREIRAS

VOCES E
TRADICIÓN

#LETRASGALEGAS2025



DESCRICIÓN DA EXPERIENCIA CREATIVA E CONTIDO DO PODCAST: CANTAREIRAS: VOCES E TRADICIÓN

A creación dun programa de radio co noso alumnado, alumnas e alumnos dun Centro de Educación Especial, tivo e ten como obxectivo principal a promoción da inclusión, a mellora da competencia comunicativa, o desenvolvemento de habilidades sociais e de vida cotiá e o fortalecemento da súa autoestima e autoconcepto.

Dende o inicio deste curso escolar e como parte do PDI do centro: Vaia Troula!, o noso alumnado estivo inmerso nun proceso de creación de diversos podcast sobre a música galega, case sempre de xeito individual ou en parella; pero, e coa chegada da radio, grazas ao programa Polos Creativos, estes inicios transformáronse nunha experiencia real: o noso alumnado converteuse dende fai unhas semanas en locutoras e locutores de radio.

A actividade foi organizada pola mestra de música, Irene Buján, apoiada pola coordinadora de biblioteca e mestra de Audición e Linguaxe, María Villasante.

A radio é para nós, como mestras, unha ferramenta poderosa para que o alumnado traballe en equipo, mellore a súa capacidade de expresión oral, experimente o que significa formar parte dunha produción colectiva, desenvolva competencias fundamentais como a capacidade de escoitar, a entoación, a confianza en sí mesmos, o traballo anterior a unha produción, o silencio e a pausa.

E para elas e eles o é porque xeron un sentido de pertenza, facéndoos sentir protagonistas dunha actividade que traspasa as barreiras do centro.

A actividade, coma todas as realizadas no centro, debe entenderse dende un enfoque inclusivo e comunicativo, tendo sempre en conta as particularidades de cada alumno/a. Para iso, empregáronse adaptacións tanto nos contidos como na forma de traballar.

O alumnado, ao longo da súa participación, realizou tarefas como:

- Busca de información tanto na biblioteca coma nas súas casas*
- Recollida da información máis relevante dos libros escollidos (libros sobre as cantareiras, música popular, tradicións galegas... Relación de libros no Anexo 1) e da información recibida na casa (recollida de cantigas principalmente)*
- Preparación de guións: traballo previo cos libros da biblioteca do centro*
- Lectura e comprensión dos textos e o guión*
- Traballo cun formato de comunicación audiovisual diferente*
- Gravación de seccións e manexo básico da radio*
- Interaccións en directo*

O programa de radio centrouse nas cantareiras galegas, mulleres que son protagonistas neste ano do Día das Letras Galegas, e abordáronse diversos aspectos relacionados coa súa figura, facendo fincapé na súa influencia na música e na cultura galega.

A experiencia foi enriquecedora para todas e todos os implicados, demostrando que a radio pode fomentar a inclusión e o desenvolvemento persoal e social do alumnado con NEE. A actividade serviu tamén como unha vía para sensibilizar sobre a necesidade de integrar a todos os estudantes, sen distinción das súas capacidades, nun espazo de igualdade e respecto mutuo.

É fundamental visibilizar este tipo de iniciativas, que demostran que a diversidade non é unha limitación, senón un valor que enriquece á comunidade. O produto final deste concurso é un recoñecemento ao traballo realizado por todos e todas as implicadas: alumnado, familias e profesorado. É un xeito de destacar a importancia de seguir promovendo a inclusión e de dar visibilidade ao labor que se desenvolve nos centros de educación especial.

ESCALETA DO PODCAST

TÍTULO; “Cantareiras: voces e tradición”

DATA; 14/03/2025

PARTICIPANTES; Antía, Anxo, David B., Noa D., profe María e profe Irene.

DURACIÓN; 4.59 minutos

MÚSICA;

- PISTA 1; Jingle da aula azul; “Vaia troute!... Coa música galega!”
- PISTA 2; Xota das Pandereteiras de Mens. (APOI. Id:2916)
- PISTA 3; Coplas e xota de Adolfin e Rosa Casás. (APOI. Id:2777)
- PISTA 4; “A Danza” de Eva Castiñeira. Cedida por un compañeiro.
- PISTA 5; Xota e muñeira das Pandereteiras de Mens. (APOI. Id:2914)

QUE?	QUEN?	CANDO?	CONTIDO
BENVIDA	Profe Irene		Benvidos a...
	Profe María	Cando a profe Irene remate de falar.	PISTA 1
PRESENTACIÓN	Profe Irene	Ao remate do jingle.	Presentación proxecto e capítulo
	Profe María	Cando a profe Irene remate de falar.	PISTA 2 <u>Entra música 2 segundos.</u> <u>Baixar volume e manter de fondo</u>
CONVERSA 1	Anxo+profe Irene	Profe Irene inicia conversa	Explicación podcast ás cantareiras nas Letras Galegas 2025 <u>Segue pista 2 de fondo</u>
CONVERSA 2	Noa+profe Irene	Profe Irene inicia conversa	Conversa sobre Adolfin e Rosa Casás
	Profe María	Cando Noa remate de dicir o nome das cantareiras: Adolfin e Rosas Casás.	PISTA 3 <u>De fondo</u>
CONVERSA 3	Antía+profe Irene	Profe Irene inicia conversa	Conversa sobre Eva Castiñeira
	Profe María	Cando a profe Irene remate de dicir o nome da cantareira: Eva Castiñeira.	PISTA 4 <u>De fondo</u>
CONVERSA 4	David+profe Irene	David inicia conversa	Conversa sobre Pandereteiras de Mens
	Profe María	Cando David remate de dicir; Pandereteiras de Mens.	PISTA 5 <u>De fondo</u> <u>Fundido cando a profe Irene di:</u> <u>“E así a súa música chegou a diferentes</u> <u>rincóns do mundo”</u> <u>e logo desaparece.</u>
CONVERSA 5	Anxo+profe Irene	Anxo inicia conversa	A súa opinión sobre as cantareiras e a súa homenaxe no Día das Letras Galegas
PECHE E DESPEDIDA	Profe Irene Todos	Profe Irene inicia despedida.	Despedida e agradecemento

GUIÓN DO PODCAST

GUIÓN “CANTAREIRAS; VOCES E TRADICIÓN”

PROFE IRENE- Benvidos a...

PROFE MARÍA- **Jingle “VAIA TROULA...COA MÚSICA GALEGA”**.

PROFE IRENE- Un proxecto do Centro de Educación Especial de Vilagarcía de Arousa no que estamos a traballar a música galega e nesta ocasión dedicamos o noso episodio ás cantareiras!

PROFE MARÍA- **Xota das Pandereteiras de Mens.**

PROFE IRENE- Por que as cantareiras?

ANXO- Pois porque a Real Academia Galega acordou dedicar o Día das Letras Galegas do 2025 (DOUS MIL VINTE E CINCO) a poesía popular e ás cantareiras, representadas por; Adolfinia e Rosa Casás, Eva Castiñeira, e Prudencia e Asunción Garrido e Manuela Lema. E esta é a nosa particular homenaxe!!!!

PROFE IRENE- Entendo que imos falar un pouquiño de cada unha delas, non si?

ANXO- Si.

PROFE IRENE- ben! Quen comeza?

NOA- Eu!

PROFE IRENE- Veña, Noa, cóntanos!!

NOA- Vou falar de Adolfinia e Rosas Casás.

PROFE MARÍA- **Coplas e xota de Adolfinia e Rosa Casás.**

PROFE IRENE- E quen veñen sendo?

NOA- Dúas cantareiras, orixinarias da Vila da Igrexa, en Cerceda.

PROFE IRENE- Teñen o mesmo apelido, eran irmás?

NOA- Poderían selo pero eran tía e sobriña.

PROFE IRENE- E sabes como se iniciaron no mundo da música?

GUIÓN DO PODCAST

NOA- Pola familia! A nai de Adolfinia era pandereteira e a súa irmá Marfa, a nai de Rosa, tocaba e cantaba.

PROFE IRENE- E elas cando tocaban?

NOA- Sempre que podían!

PROFE IRENE- E tocaron durante moito tempo?

NOA- Ata os anos 50 (CINCIENTA) cando chegaron a radio, as orquestras...

Nos anos 60 Rosa emigrou e estivo a vivir na Suiza e Inglaterra.

PROFE IRENE- E volveu a Galicia?

NOA- Si, na década dos 80 e volveron cantar xuntas pero só nas reunións familiares.

PROFE IRENE- Encántame!

E seguro que a nosa seguinte protagonista tamén ten unha historia digna de ser contada e escoitada, non si?

ANTÍA- E tanto!

PROFE IRENE- Antía, que nos podes contar de Eva Castiñeira?

PROFE MARÍA- “A Danza” de Eva Castiñeira.

ANTÍA- Naceu en Agranzón, no concello de Muxía, no 1925 (MIL NOVECIENTOS VINTE E CINCO) polo que este ano tamén celebramos o centenario do seu nacemento! 100 anos!!

PROFE IRENE- Que casualidade tan fermosa!

E tamén comezou de pequena a súa relación coa música?

ANTÍA- Si! Xa dende moi pequena ía cantar e tocar a pandeireta polas romarías da contorna.

PROFE IRENE- E como seguiu a súa traxectoria musical?

ANTÍA- Marchou para A Coruña e comezou a traballar no servizo doméstico e cando limpaba adoitaba cantar e o destino quixo que traballase na casa dun socio dunha discográfica que veu o talento que tiña Eva.

PROFE IRENE- E que pasou?

GUIÓN DO PODCAST

ANTÍA- Faloulle dela ao grupo Milladoiro, e no ano 1981 (MIL NOVECIENTOS OITENTA E UN) subiu ao escenario a tocar con eles nun concerto na Coruña!

PROFE IRENE- Con Milladoiro?

ANTÍA- Si, e converteuse así na primeira pandereteira en actuar cun grupo folk!

PROFE IRENE- Foi unha pioneira!!!

Si!! E as súas melodías están presentes en discos de Milladoiro, Luar na Lubre e Leilfa.

PROFE IRENE- Estou a aprender moitísimas cousas con todos vós, eh?

DAVID- Seguro que tamén aprendes, e te sorprendes, coa historia das miñas protagonistas!

PROFE IRENE- Segurísimo!

DAVID- Vou falar das “Pandereteiras de Mens”; Prudencia e Asunción Garrido e Manuela Lema.

PROFE MARÍA- Xota e mulleira das Pandereteiras de Mens.

PROFE IRENE- Como das “Pandereteiras de Mens”? Explícame iso, David!

DAVID- Elas tres, xunto con Adela Rey e Teresa Lema, cinco mulleres labregas de Malpica, formaron un grupo que tocaba nas reunións e nas festas.

PROFE IRENE- Non entendo, se eran 5 mulleres... Por que só son homenaxeadas 3? As outras dúas seguen vivas?

DAVID- Non, pero Adela faleceu no 2016 (DOUS MIL DEZASEIS) e Teresa no 2019 (DOUS MIL DEZANOVE) polo que, como fai menos de 10 anos, non poden ser homenaxeadas oficialmente no Día das Letras Galegas.

PROFE IRENE- Anda! Pero o noso recoñecemento téñeno todas por igual!!

E que nos podes contar delas?

DAVID- Foron mulleres labregas e de maiores foron quen de subir a un escenario.

PROFE IRENE- Como “de maiores”?

GUIÓN DO PODCAST

DAVID- Contaban con máis de 60 anos!! De feito, tamén lles chamaban as “Velliñas de Mens”.

PROFE IRENE- E como foi ese salto aos escenarios?

DAVID- No 1972 (MIL NOVECIENTOS SETENTA E DOUS) actuaron no Teatro Colón da Coruña e foi un éxito!

PROFE IRENE- E a partir de aí...

DAVID- No 1980 (MIL NOVECIENTOS OITENTA) houbo un “frechazo” coa Agrupación Folclórica Aturuxo e comezaron a tocar e viaxar con eles a Francia, Arxentina...

PROFE IRENE- E así a súa música chegou a diferentes rincóns do mundo!!

ANXO- Gustaríame dicir unha cousa.

PROFE IRENE- Anxo, veña!

ANXO- Aquí falamos de 6 mulleres pero é unha homenaxe a todas esas mulleres que cantaron, tocaron e mantiveron vivo o noso patrimonio cultural ao longo do tempo.

PROFE IRENE- Por suposto!!

ANXO- E outra cousa!

Non é a primeira vez que se dedica o Día das Letras Galegas a un grupo de persoas, pero si é a primeira que se fai con mulleres e a min iso paréceme case o máis importante; recoñecer o papel das mulleres galegas ao longo da historia.

PROFE IRENE- Carai, Anxo, quedei case sen palabras!!!

Pouco máis se pode engadir engadir a este fermoso episodio de hoxe.

Moitas grazas e... Bo traballo, rapaces!!!

ANEXO 1



SEI CANTAR E SEI BAILAR, DE EVA MEJUTO CON
ILUSTRACIÓNS DE LUCÍA COBO

CANTAREIRAS, DE ICÍA VARELA E XOSÉ MANUEL VARELA



SOMOS PANDEIRETEIRAS, COORDINADO POR MERCEDES PEÓN

CANTAREIRAS, DE ENRIQUE MAURICIO IGLESIAS



CANTA, MIÑA COMPAÑEIRA, DE MARÍA LADO

MAXICAMENTE VELLA, ETERNAMENTE NOVA, A LITERATURA
TRADICIONAL GALEGA, DE CARLOS CALLÓN

